CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



# CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Dentro do amplo abano de servizos que esta Confederación vén prestando ás súas empresas asociadas, podemos destacar a sinatura de varios convenios de colaboración con algunhas das entidades máis representativas na nosa provincia para uso dos nosos asociados. Entre outros servizos podemos salientar:

- ✓ Condicións preferentes en produtos financeiros (préstamos, *leasing*, liñas de desconto...).

- ✓ Descontos na realización de cursos de alta dirección e cursos avanzados.

- ✓ Descontos en carburantes dentro das estacións de servizo de Repsol, Campsa e Petronor, aceptadoras da tarxeta Solred.

- ✓ Colaboración no desenvolvemento de actividades formativas.

- ✓ Desconto na subscrición á revista *ECO* e descontos para a inserción de publicidade nela.

- ✓ Realización de prácticas non laborais en empresas dos alumnos dos últimos cursos da Universidade e colaboración en investigacións varias.

- ✓ Mellores condicións ás nosas empresas asociadas polos servizos de liñas telefónicas fixas.

- ✓ Certificación dixital nas empresas.

## CONVENIOS COAS SEGUINTES ENTIDADES:

CAIXAGALICIA

escuela de negocios caixanova

SOLRED

ite Instituto Tecnológico Empresarial CAIXAGALICIA Programas Máster. Cursos para Profesionales y Directivos

eco

LOPD GEST

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Camerfirma Certificado Digital

Telefónica

Telefónica Móviles

InGaFor ESCUELA DE NEGOCIOS

- ✓ Facilitarlles aos nosos asociados a adaptación á normativa reguladora da Lei de protección de datos.

- ✓ Condicións especiais en produtos e servizos financeiros, información semanal económico-bolsista e participación en eventos formativos.

- ✓ Descontos na realización de accións formativas para empresarios e cadros directivos.

A continuación, ofrecemos unha breve explicación do contido dos mencionados convenios.

# CONVENIO CEC – CAIXA GALICIA

Mediante a sinatura deste convenio, a entidade galega pon á disposición dos nosos asociados unha ampla oferta de servizos financeiros en condicións moi vantaxosas.



Entre os servizos ofertados atópanse préstamos hipotecarios, *leasing* mobiliario e inmobiliario, contas de crédito, préstamos persoais, liñas de desconto, avais, servizos de comercio exterior e *factoring*.

Ademais, tamén están incluídos os préstamos do convenio con ICO, Igape e outros organismos.

# CONVENIO CEC – ESCOLA DE NEGOCIOS CAIXANOVA

A través deste convenio ponse en marcha o noso Centro de Desenvolvemento Directivo, mediante o cal se propoñen actividades formativas para directivos das empresas asociadas á CEC.



O seu obxectivo é fomentar e potenciar o desenvolvemento e mellora da competitividade das empresas e contribuír a desenvolver a misión da Escola de Negocios como obra social adscrita a unha entidade financeira.

Vantaxes para os nosos asociados:

**15% dto.** en **Cursos**

**25% dto.** en **Seminarios**

## CONVENIO CEC – ITE CAIXA GALICIA

Co Instituto Tecnolóxico Empresarial (ITE) Caixa Galicia asínase un convenio para colaborar no desenvolvemento de actividades formativas, con beneficios para as nosas empresas asociadas á hora de se inscribir nalgunha delas.

Vantaxes:

**15% dto.** en **programas másters e programas superiores**

**20% dto.** en **seminarios e cursos de curta duración**

## CONVENIO SOLRED - CEC

Os nosos asociados xa poden gozar de condicións de desconto vantaxosas en carburantes, ao repostar nas máis de 3.400 estacións de servizo Repsol, Campsa ou Petronor, e beneficiarse dun prezo moi vantaxoso á hora de adquirir o VIA-T, o novo sistema de pagamento electrónico na autoestrada sen necesidade de parar o vehículo nin baixar a ventá.

**1,20 cént.€/litro (2 ptas./litro)** de **desconto** en **GASOLINA** en todas as estacións de servizo das marcas Repsol, Campsa ou Petronor.

**3,15 cént.€/litro (5,25 ptas./litro)** de **desconto** en **DIESEL** en toda a rede de estacións de servizo preferentes.

**VIA–T**

**Custo: 41 €** a pagar na 1ª factura emitida desde a súa adquisición ou ben aprazar o pagamento ata 12 meses.

**Descontos**: **25%** de desconto na peaxe do traxecto de volta que se realice o mesmo día (só para vehículos lixeiros).

# CONVENIO CEC – EQUINOCCIO, S.A.

Vantaxes que supoñen ofertas de subscrición e inserción de publicidade na revista *ECO*, cos descontos seguintes para as nosas empresas integradas:



**10%** sobre **subscrición anual**

**10%** sobre prezo de tarifas vixentes no momento da **inserción da publicidade**

# CONVENIO CEC – UNIVERSIDADE DA CORUÑA – FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Para unha maior achega entre empresa e universidade, dada a utilidade que pode representar o intercambio de coñecementos entre ambas e co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as licenciados/as universitarios/as mediante a alternancia de formación teórica e prácticas en empresas, asínase este convenio de colaboración.




O seu obxectivo principal é establecer ***un programa para a realización de prácticas profesionais nas nosas empresas asociadas***, cos/as alumnos/as que superaran o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario, segundo o novo

Plan de Estudos e dentro do Plan antigo, para aqueles alumnos/as que estean cursando os dous últimos anos concretamente coas seguintes facultades: **Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e Escola Universitaria de Estudos Empresariais.**

## CONVENIO CEC – TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.

Condicións especiais nos servizos MoviStar contratados e utilizados por todos os asociados integrados na CEC.

| Tipo de Acordo | **Condicións Especiais** |
|---|---|
| **Contrato Empresas / Contrato Autónomos (2)** | Cota Mensual Módulo Números Propios (1): **Gratuíta**<br><br>Cota Mensual Módulo Números MoviStar: **Gratuíta** |
| | SMS MoviStar: 20% Desconto |
| | Servizo medido nacional:<br>Desconto 15% tráfico nacional<br><br>Servizo medido internacional:<br>Desconto 30% sobre servizo medido internacional (*) |

| | |
|---|---|
| **Servizo Datos** | Servizo GPRS/UMTS<br><br>Tarifa plana de Internet: **26€**<br>Tarifa plana Internet Plus: **35€**<br>Tarifa plana de Internet Premium: **52€**<br>Cota mensual blackberry movistar profesional tarifa plana: **20€** por liñas |

# CONVENIO CEC – CAMERFIRMA- CÁMARA DE COMERCIO DE A CORUÑA

Camerfirma é a autoridade de certificación dixital e sinatura electrónica das cámaras de comercio.

Mediante a sinatura deste convenio de colaboración, pretendemos favorecer a incorporación á sociedade da información das nosas empresas asociadas. Comercializaranse tres tipos de certificados: ***pertenza á empresa, representante e persoa xurídica.***

Os obxectivos deste convenio son:




- ✓ Fomentar o uso de certificados dixitais.
- ✓ Colaborar na difusión da sinatura dixital.
- ✓ Formar no uso dela.
- ✓ Integrar a sinatura dixital nas aplicacións da CEC.

Ata o 31/12/06 facilitaranse gratuitamente certificados Camerfirma a todas as empresas da CEC que o soliciten.

# CONVENIO CEC – PROGRAMACIÓN y LEGISLACIÓN



Dada a importancia que ten para todos cumprir coa Lei de protección de datos (LOPD), tanto polas importantísimas sancións que unha inspección pode traer consigo, como pola perda de imaxe do colectivo empresarial, asinouse un convenio coa compañía Programación y Legislación coa finalidade de facilitarlles aos nosos asociados o coñecemento dunha aplicación informática (LOPDGEST) que xestiona e adapta o traballo á normativa reguladora de protección de datos.

## CONVENIO CEC – INVERSIS BANCO

Acordo firmado con esta entidade para facilitar unha serie de servizos entre os que están:

- Difusión semanal da información económico-bolsista máis relevante sobre indicadores e prezos nacionais e internacionais do diñeiro, evolución da renda fixa, renda variable, materias primas e divisas, informes puntuais con temas bolsistas de especial interese e outras informacións complementarias que irán cambiando dependendo das circunstancias dos mercados bolsistas.
- Participación en distintos eventos formativos.
- Beneficios de condicións especiais en produtos e servizos financeiros que, a través do citado acordo, se poñen ao alcance de todos os asociados.

## CONVENIO CEC – INGAFOR ESCUELA DE NEGOCIOS

Descontos dun 10% mínimo ás nosas empresas asociadas para participar en accións formativas para empresarios/as e cadros directivos.

**PARA MÁIS INFORMACIÓN AO RESPECTO, CONTACTA CON NÓS**

CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA
Praza Luis Seone, torre 1, entreplanta
(15008 A Coruña)
Teléfono: 981 133 702  Fax: 981 132 598
cec@cec.es
www.cec.es